

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 27 DE DECEMBRO DE 2012,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013.

DECRETOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se dispón que cese Jaime Bouzada Romero como director xeral de Avaliación e Reforma Administrativa.
- Decreto polo que se nomea a Natalia Prieto Viso directora xeral de Avaliación e Reforma Administrativa.
- Decreto polo que se dispón que cese Cayetana Lado Castro-Rial como directora xeral da Asesoría Xurídica Xeral.
- Decreto polo que se nomea a Manuel Pillado Quintáns director xeral da Asesoría Xurídica Xeral.

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Decreto polo que se regula a prórroga dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia do ano 2012 para o exercicio de 2013.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Decreto polo que se establecen axudas sociais de carácter extraordinario a favor de pensionistas de xubilación e invalidez, na súa modalidade non contributiva, a favor de persoas perceptoras do fondo de asistencia social e das persoas beneficiarias do subsidio de garantía de ingresos mínimos.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e a Fundación Clúster de Empresas de Automoción de Galicia (Ceaga) para o desenvolvemento no ano 2012 do Plan de acción para a mellora competitiva do sector de automoción en Galicia (PAC 2012-2015), por importe de cincocentos mil euros (500.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dunha addenda ao convenio de colaboración, asinado o 22 de decembro de 2008, entre a Consellería de Innovación e Industria e a Fundación para a Promoción da Innovación, Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico na Industria da Automoción de Galicia para a construción de instalacións do Centro de Excelencia en Electrónica para Vehículos Intelixentes, por importe de dous millóns oitocentos setenta e un mil cincocentos sesenta euros con sesenta e sete céntimos (2.871.560,67 euros).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para o financiamento dos gastos de limpeza dos centros públicos integrados, por un importe total de seiscentos oitenta e dous mil cincocentos euros (682.500,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Traballo e Benestar, a Consellería de Facenda e a entidade Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres, para o desenvolvemento das distintas actuacións necesarias para a adquisición do Castelo de Pambre, polo importe total de cinco millóns cento trinta e catro mil sesenta e oito euros con sesenta céntimos (5.134.068,60 euros).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a prórroga do concerto do 16 de xaneiro de 2006, suscrito entre o Servizo Galego de Saúde e o Instituto Policlínico Santa Teresa, S.A., para a prestación de servizos de asistencia sanitaria a beneficiarios da Seguridade Social protexidos polo Servizo Galego de Saúde por un importe de cinco millóns setecentos noventa e un mil setecentos cincuenta e nove euros (5.791.759,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a prórroga do concerto do 16 de xaneiro de 2006, suscrito entre o Servizo Galego de Saúde e o Instituto Médico Quirúrgico San Rafael, S.A. da Coruña, para a prestación de servizos de asistencia sanitaria a beneficiarios da seguridade social protexidos polo Servizo Galego de Saúde, por un importe de seis millóns setecentos setenta e tres mil seiscentos sesenta e un euros (6.773.661,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a prórroga, por razóns de interese público, do concerto suscrito o 29 de abril de 2005 entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Congregación do Santo Hospital de Caridad de Ferrol, titular do Hospital Juan Cardona, por un importe de seis millóns cincocentos un mil douscentos vinte euros (6.501.220,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a prórroga do concerto do 1 de decembro de 2010, suscrito entre o Servizo Galego de Saúde e o centro Hospital Miguel Domínguez, SL, para a prestación de servizos de asistencia sanitaria a beneficiarios da Seguridade Social protexidos polo Servizo Galego de Saúde, por un importe de catro millóns setecentos mil euros (4.700.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a prórroga do concerto do 1 de decembro de 2010, suscrito entre o Servizo Galego de Saúde e o centro Gestión Sanitaria Gallega, S.L, para a prestación de servizos de asistencia sanitaria a beneficiarios da Seguridade Social protexidos polo Servizo Galego de Saúde, por un importe de catro millóns de euros (4.000.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a prórroga do concerto de 16 de xaneiro de 2006, suscrito entre o Servizo Galego de Saúde e o Sanatorio Quirúrgico Modelo, S.L. da Coruña, para a prestación de servizos de asistencia sanitaria a beneficiarios da Seguridade Social protexidos polo Servizo Galego de Saúde, por un importe de un millón setecentos trinta e cinco mil seiscentos corenta e cinco euros (1.735.645,00 euros).

- Acordo polo que se autoriza a validación da omisión da autorización do Consello da Xunta da inclusión dos programas especiais farmacoterapéuticos na resolución da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, do 30 de decembro de 2011, para a continuidade da prestación de servizos de asistencia sanitaria especializada, obxecto do concerto singular que o Servizo Galego de Saúde subscribiu o 29 de decembro de 2000 co Policlínico Vigo, S.A. (na actualidade Hospital Povisa, S.A.), por un importe de un millón seiscientos sesenta e oito mil catrocentos sesenta e oito euros (1.668.461,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a prórroga ao contrato-programa asinado o 1 de outubro de 2002 entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Pública Instituto Galego de Oftalmoloxía, para a prestación de servizos de asistencia sanitaria así como outras actividades complementarias ou de apoio á atención sanitaria, e establecemento das tarifas para o ano 2013, por un importe de un millón cento noventa e nove mil novecentos noventa e catro euros (1.199.994,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a prórroga ao contrato-programa asinado o 1 de xaneiro de 2005 entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica, para a prestación de servizos de asistencia sanitaria así como outras actividades complementarias ou de apoio á atención sanitaria que realizará a fundación para o período do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2013, por un importe de un millón trescentos noventa e catro mil trinta e oito euros con seis céntimos (1.394.038,06 euros).
- Acordo polo que se autoriza a prórroga ao contrato-programa asinado o 1 de agosto de 2004 entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Pública Sanitaria Centro de Transfusión de Galicia, para establecer as prestacións sanitarias así como outras actividades complementarias ou de apoio á atención sanitaria a realizar pola fundación para o período do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2013, por un importe de dezaseis millóns seiscientos once mil setecentos trinta e nove euros (16.611.739,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a prórroga para o ano 2013 dos concertos de transporte sanitario non urxente e secundario urxente de hospitais dependentes do Servizo Galego de Saúde para os lotes 1, 2, 3, 4, 7, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14 e 15, por un importe de dezaseis millóns seiscientos setenta e tres mil cento sesenta e nove euros (16.673.169,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a prórroga, por razóns de interese público, para a continuidade da prestación dos servizos obxecto do concerto singular do 29 de decembro de 2000, establecido entre o Servizo Galego de Saúde e o Hospital Povisa, S.A. desde o 1 de xaneiro de 2013 ata a formalización do novo concerto por un

importe de setenta e catro millóns douscentos trinta e un mil cincocentos sete euros (74.231.507 euros).

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración enerxética prestacional e do servizo de mantemento de instalacións e equipos enerxéticos térmicos e locais asociados de varios centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde, por un valor estimado (importe total sen IVE) de seis millóns seiscentos trinta e oito mil cincocentos euros (6.638.500,00 euros) e un importe total de seis millóns oitocentos vinte e dous mil cincocentos oitenta e cinco euros (6.822.585,00 euros).

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao recollido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como a exención da obriga de constituír garantías ao abeiro do artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio de 2013, cun importe total de trinta e seis millóns trescentos cincuenta e nove mil catrocentos cincuenta euros (36.359.450,00 euros).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a encomenda de xestión dos traballos dos Programas de Sanidade e Producción Animal en Galicia durante o ano 2013, por un importe total de sete millóns cincocentos trinta e sete mil catrocentos setenta e catro euros con setenta e cinco céntimos (7.537.474,75 euros).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre o plan de formación 2013, da Escola Galega de Administración Pública (EGAP), para os empregados da Administración autonómica.

A XUNTA INCLÚE NOS ORZAMENTOS DE 2013 UN FONDO DE CRECEMENTO DOTADO CON 386 MILLÓNS DE EUROS

- ***O Goberno galego anticipará a metade de paga extra de xuño á nómina de xaneiro aos empregados públicos que o soliciten***
- ***En coherencia co Plan Estratéxico, será un instrumento para incentivar a reactivación económica***
- ***O gasto destinado a sanidade, educación e servizos sociais subirá ata o 77%, case 9 puntos máis que en 2009***
- ***As contas aprobadas polo Consello garanten a redución do déficit e manteñen a solvencia da Facenda autonómica e o Estado do Benestar***
- ***A Xunta ten que prestar os servizos públicos que os galegos necesitan cun nivel de recursos equivalentes aos do ano 2006***
- ***Galicia continuará liderando o vindeiro ano o esforzo investidor das CC.AA.***
- ***A caída do 2,5% do gasto non financeiro débese fundamentalmente a que Galicia seguirá diminuindo o seu déficit e se endebedará en 464 millóns de euros menos***
- ***A Comunidade galega foi a terceira autonomía que menos se endebedou durante a época de crise***
- ***A economía galega pechará este ano mellor do esperado e tamén se comportará mellor que a española en 2013***
- ***Seguirá facendo rebaixas selectivas nos impostos sobre a vivenda entre o 20 e o 66% para os colectivos máis necesitados***
- ***Fixará novas deducións para favorecer os negocios dos emprendedores***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de Lei de Orzamentos da comunidade autónoma para o ano 2013, unhas contas que incluírán un Fondo de Crecemento dotado con 386 millóns de euros co obxectivo de sentar as bases nos primeiros dous exercicios da lexislatura que permitan que a economía galega volva a crecer na segunda parte.

Ademais da importante contía, terá unha vertente cualitativa, xa que será coherente co Plan Estratéxico, mellorará a coordinación de políticas e garantirá unha maior eficacia nos investimentos que se realicen, todo iso co obxectivo de ser un instrumento que incentive a reactivación económica.

Entre as prioridades, estarán reter e atraer talento, aproveitar as potencialidades da comunidade, desenvolver novos produtos e servizos, axudar a facer máis compatibles a oferta e a demanda laborais, favorecer a creación de empresas e o seu acceso aos mercados e ao financiamento, reforzar a internacionalización das empresas galegas, darlle maior relevancia e modernizar o tecido industrial, fomentar o emprego das TIC en todos os sectores e axudar ao reequilibrio territorial.

As contas para o vindeiro ano permitirán cumprir coa redución do déficit ao 0,7% do PIB, case a metade deste exercicio, e seguirán incrementando o peso do gasto social, xa que os recursos achegados á educación, á sanidade e aos servizos sociais subirán ata o 77%, case 9 puntos máis que en 2009.

O gasto non financeiro da Xunta será de 8.479 millóns de euros, lixeiramente por debaixo do teito aprobado o pasado mes de agosto e un 2,5% inferior á capacidade de gasto deste ano, unha caída que se debe en grande medida ao feito de que Galicia continuará diminuíndo o seu déficit e se endebedará en 2013 en 464 millóns de euros menos que en 2012. O Goberno galego actuou con responsabilidade durante toda a lexislatura pasada e controlou o seu endebedamento en todo momento, sen sobrepasar nunca os límites autorizados polo Consejo de Política Fiscal y Financiera (CPFF).

Como consecuencia desta prudencia, Galicia pasou en catro anos de ter unha ratio débeda/PIB superior á media a estar de maneira sensible por debaixo, pois foi a terceira comunidades autónomas que menos incrementou o seu endebedamento durante a época de crise, desde finais do ano 2007.

Solvencia e servizos públicos

As prioridades das contas autonómicas serán continuar un exercicio máis garantindo a solvencia da Facenda autonómica e o mantemento da prestación dos servizos públicos esenciais. O Goberno autonómico, con 2.100 millóns de euros menos de capacidade de gasto, no nivel do ano 2006, ten que ser capaz de prestar os servizos públicos que os galegos necesitarán en 2013.

A Xunta compatibilizará esta blindaxe das áreas sociais co maior esforzo posible en investimentos e liderará ás comunidades en esforzo investidor, tal e como fixo este exercicio e tal como se reflicte nos últimos datos comparativos dado a coñecer polo Goberno central sobre a execución orzamentaria a 30 de setembro.

En canto ás previsións económicas, 2012 pecharase algo mellor do esperado cando se presentou en agosto o teito de gasto, polo que o comportamento será do -1,1%, dúas décimas mellor do agardado, co que tamén se confirma que terá unha mellor evolución que a española.

De cara a 2013, Galicia tamén prevé ter un mellor comportamento do previsto. Así, o Executivo autonómico estima que o PIB galego do vindeiro ano se sitúe no -0,9%, dúas décimas mellor que o que prevén os organismos internacionais e privados para o conxunto de España. Sobre a taxa de paro, a Comunidade galega manterá diferenciais positivos superiores aos catro puntos.

En materia tributaria o Executivo autonómica continúa a liña da anterior legislatura de aplicar rebaixas selectivas nos impostos sobre a vivenda co fin de favorecer a súa adquisición por parte dos que máis dificultades teñen e máis o necesitan. Así, na equiparación do Imposto de Transmisións Patrimoniais, fíxanse rebaixas de entre un 20 e un 60% para os cidadáns con menor patrimonio, para os discapacitados, para as familias numerosas e para os menores de 36 anos. O mesmo ocorre no caso do Imposto de Actos Xurídicos Documentados, pois neste caso as rebaixas para estes colectivos están nun 33 e un 66%.

Así mesmo, a Xunta pon en marcha novas deducións co fin de fomentar o emprendemento. No caso do Imposto de Actos Xurídicos Documentados, fixa unha do 100%, cun límite de 1.500 euros, para adquirir locais que se destinen a empresa ou negocio profesional; e outro igual para préstamos e créditos hipotecarios para financiar estas compras.

En canto ao Imposto de Sucesións e Doazóns, haberá unha redución do 95%, cun límite de 118.750 euros, nas transmisións mortis causa e inter vivos a menores de 35 anos nos cartos que se destinen a constituír unha empresa ou negocio profesional. O límite duplícase en caso de discapacidades iguais ou superiores ao 33%.

No IRPF inclúese unha dedución do 20% das cantidades investidas (cun límite de dedución de 4.000 euros) na creación de novas empresas ou a ampliación da actividade de empresas de recente creación. Igualmente duplícase a dedución (ata os 8.000 euros) para as persoas que invistan en accións ou participacións sociais de novas entidades ou de recente creación.

Anticipo voluntario da metade da extra de xuño

Por outra banda, o Consello da Xunta tamén deu luz verde ao decreto de prórroga dos actuais orzamentos, unha medida xa prevista na lei, para dispoñer de contas públicas mentres que o Parlamento non aprobe as definitivas para 2013. Neste texto inclúese a posibilidade de que o Executivo autonómico adiante a metade da paga extra de xuño á próxima nómina correspondente ao mes de xaneiro para aqueles empregados públicos que así o soliciten.

Este anticipo é unha medida voluntaria, legal e que busca compensar dalgunha maneira a perda de poder adquisitivo dos empregados públicos nesta época como consecuencia da eliminación de paga extra de Nadal por parte do Goberno central.

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A NATALIA PRIETO E A MANUEL PILLADO COMO NOVOS DIRECTORES XERAIS DE AVALIACIÓN E REFORMA ADMINISTRATIVA E DA ASESORÍA XURÍDICA XERAL

- ***Natalia Prieto substitúe no cargo a Jaime Bouzada e Manuel Pillado a Cayetana Lado***

O Consello da Xunta nomeou esta mañá a Natalia Prieto Viso, como nova directora xeral de Avaliación e Reforma Administrativa en substitución de Jaime Bouzada, que cesa por petición propia do cargo, por mor da súa xubilación. Licenciada en Dereito pola Universidade de Vigo, Natalia Prieto traballaba ata a actualidade como subdirectora xeral de Réxime Xurídico, Administrativo e de Recursos Humanos na Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia.

En 2006 ingresou no corpo de xestión da Administración civil do Estado, e desempeñou distintas funcións no Instituto Nacional de Administración Pública e na Delegación do Goberno de Madrid. Desde o ano 2009 é funcionaria de carreira do corpo superior da Administración da Xunta de Galicia, e traballou nas consellerías de Economía e Industria; Tránsito e Benestar; Presidencia; e no organismo autónomo Augas de Galicia.

Asesoría Xurídica Xeral

Así mesmo, o Consello da Xunta desta mañá tamén nomeou a Manuel Pillado Quintáns como novo director xeral da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta, tras o cesamento de Cayetana Lado Castro-Rial, por petición propia e por motivos persoais.

Manuel Pillado é licenciado en dereito pola Universidade de Santiago de Compostela e letrado da Xunta de Galicia desde o ano 1996, onde desempeñou o cargo de asesor xurídico das consellerías de Educación e Ordenación Universitaria; Medio Ambiente; e Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda. Desde 2005, e ata a actualidade, Pillado era xefe do Gabinete de Asesoramento e Apoio á Actualización Normativa da Dirección Xeral da Asesoría Xurídica.

A XUNTA INVISTE PRETO DE 9 MILLÓNS DE EUROS NO COMPLEMENTO EXTRAORDINARIO DE 206 EUROS QUE RECIBIRÁN MÁIS DE 43.500 PENSIONISTAS

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe o proxecto de decreto polo que se establece este complemento extraordinario***
- ***A axuda vai destinada ás persoas beneficiarias de pensións non contributivas da Seguridade Social (PNC); do fondo de asistencia social (FAS); e do subsidio de garantía de ingresos mínimos (SGIM)***
- ***Só outras 4 comunidades autónomas manteñen un complemento autonómico para este colectivo e Galicia dobra a media da contía que aboan estas comunidades***
- ***Os pensionistas deberán cumprir dous requisitos: ter residencia habitual en Galicia e estar en situación de alta en nómina de pensións non contributivas na data de entrada en vigor do decreto, no mesmo día da súa publicación no DOG***
- ***O pagamento realízase de oficio a todas as persoas que cumpran as condicións a través dunha transferencia bancaria***

O Goberno galego destinará preto de 9 millóns de euros ao pagamento do complemento extraordinario de 206 euros destinado ás persoas beneficiarias de pensións non contributivas da Seguridade Social (PNC); do fondo de asistencia social (FAS) e do subsidio de garantía de ingresos mínimos (SGIM). Estas axudas chegarán a máis de 43.500 pensionistas galegos.

O Consello da Xunta autorizou hoxe o proxecto de decreto que establece estas axudas. A contía aboarase nun pagamento único no mes de xaneiro. Esta axuda beneficiará, polo tanto, a pensionistas de xubilación e invalidez, na súa modalidade non contributiva; a persoas anciáns e enfermas con incapacidade para o traballo beneficiarias de axudas periódicas individualizadas; e ás persoas que presentan unha minusvalidez e que son beneficiarias do subsidio de garantía de ingresos mínimos.

Só outras 4 comunidades autónomas manteñen un complemento autonómico destinado a este colectivo e Galicia dobra a media da contía que aboan estas comunidades.

Para optar a estas axudas non é necesario que os beneficiarios presenten ningún tipo de solicitude nin facer ningún trámite adicional, xa que directamente percibirán o complemento extraordinario os que xa estean cobrando as pensións mencionadas.

En concreto, actualmente 42.294 pensionistas galegos perciben unha pensión non contributiva; 15 reciben axudas do fondo de asistencia social (FAS) e 590 do subsidio de garantía de ingresos mínimos (SGIM).

Para recibir estas axudas hai que cumprir dous requisitos: ter a residencia habitual en Galicia e estar en situación de alta en nómina, é dicir, ser xa pensionista na data 1 de xaneiro de 2012 e permanecer nesta situación na data de entrada en vigor do decreto (no mesmo día da súa publicación no DOG) que autorizou hoxe a Xunta.

O pagamento realizarase de oficio a todas as persoas beneficiarias que reúnan estes requisitos, para o cal se recorrerá á información contida na base de datos da Xunta de Galicia. O pagamento efectivo farase a través dunha transferencia bancaria na conta corrente onde as persoas beneficiarias teñan domiciliado o recibo ordinario da súa prestación.

Aposta pola inclusión

Esta medida inscríbese na aposta da Xunta de Galicia por apoiar as persoas máis desfavorecidas. Nesta mesma liña de actuación inclúese o aumento do orzamento destinado á Renda de Integración Social de Galicia (Risga) que se ten realizado ao longo deste ano co fin de dar cobertura aos novos beneficiarios.

En concreto, durante este exercicio ampliouse o crédito destinado a este fin ata en tres ocasións, de xeito que pasou dos 23,7 millóns iniciais aos preto de 28 millóns ao finalizar o ano.

O Goberno galego segue tamén traballando na nova Lei de inclusión de Galicia, que xa iniciara a súa tramitación parlamentaria na anterior lexislatura, que inclúe unha reforma a fondo da Risga. Mediante esta Lei incentivarase a inserción dos beneficiarios coa finalidade de que a RISGA vaia máis alá dun subsidio e sexa unha verdadeira ferramenta de inserción.

Entre outros obxectivos, a nova normativa avanza cara a unha estratexia coordinada entre os servizos sociais, o Servizo Público de Emprego de Galicia e as estruturas técnicas da consellería competente cun único obxectivo: que o itinerario das persoas para saír da exclusión, con apoio público, sexa único, coherente e continuado, desde o social ao laboral.

A XUNTA IMPULSA O DESENVOLVEMENTO ESTRATÉXICO DA AUTOMOCIÓN GALEGA CO FIN DE INCREMENTAR A SÚA COMPETITIVIDADE

- ***O Consello da Xunta aproba o convenio de colaboración entre o Igape e o Clúster da Automoción de Galicia para o desenvolvemento do Plan estratéxico do Clúster (PAC 2015)***
- ***Economía e Industria achegará 500.000 euros para impulsar a innovación e a internacionalización do sector a través da localización de novos mercados***
- ***A Consellería promove a actividade de Ceaga con máis de 8 millóns de euros de investimento nos últimos catro anos***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e o Clúster da Automoción de Galicia (Ceaga) para o desenvolvemento do Plan de acción para a mellora da Competitividade do sector (PAC 2015). A través deste acordo, o Goberno galego prosegue co programa estratéxico de actuacións para que o sector incremente a súa competitividade, posicionando a automoción como unha industria forte e na vangarda da innovación.

A sinatura deste convenio prevé un investimento superior ao millón de euros, dos cales o Igape achegará 500.000 euros. Deste xeito, a Consellería de Economía e Industria mantén o seu apoio á actividade do Clúster achegando, nos últimos catro anos, máis de 8 millóns de euros tanto para o desenvolvemento, primeiro, do Plan estratéxico do sector da automoción (PESA) como para a realización do PAC 2015.

Este plan de acción presenta como estratexias clave a innovación –baseada na mellora do produto e na aposta pola eficiencia enerxética-, a internacionalización a través da localización de novos mercados en países emerxentes e a reorientación cara a outros non afectados pola crise.

Así mesmo, no desenvolvemento do plan estase a traballar na mellora da coordinación estratéxica do sector e da súa coordinación comercial; no incremento da súa produtividade e eficiencia industrial; e na implantación de medidas específicas destinadas a mellorar as finanzas e a liquidez das empresas.

Neste sentido, o PAC 2015 supón un importante impulso ao sector da automoción, apostando polo seu desenvolvemento industrial e tecnolóxico. A iniciativa presenta un programa de actuacións a curto, medio e longo prazo a través do cal a Xunta de Galicia, en colaboración co Ceaga, continúa o seu impulso decidido ao sector.

Non en van, a través do Igape concedéronse na pasada lexislatura apoios á automoción por importe de máis de 50 millóns de euros, sumando as axudas a investimentos, as achegas ao PESA, as subvencións para a compra de vehículos e o apoio ao lanzamento

do vehículo eléctrico mediante a incorporación da marca Galicia a toda a serie de vehículos eléctricos Partner e Berlingo fabricados por PSA.

Impulso da innovación no sector do automóbil

Ademais, tamén co obxectivo de facer máis competitivo e impulsar a I+D+i do sector da automoción galega, o Consello da Xunta acordou hoxe ampliar o prazo de desenvolvemento do convenio asinado no 2008 co Centro Tecnolóxico do Automóbil de Galicia (CTAG) para a construción do Centro de Excelencia en Electrónica para Vehículos Intelixentes. Así, o prazo para o financiamento da construción das instalacións, equipamento e posta en marcha do futuro complexo amplíase ata o 31 de decembro de 2013.

O Centro de Excelencia, que a Xunta de Galicia apoia con 10 millóns de euros, formará parte do CTAG, na localidade pontevedresa do Porriño, e o seu obxectivo será levar a cabo actividades de I+D+i, desenvolvemento e validación de sistemas e dar resposta ás necesidades, en materia de innovación e investigación, dun sector estratéxico para Galicia.

CULTURA E EDUCACIÓN ACHEGOU 682.500 EUROS NO 2012 Á FEGAMP, NO MARCO DA COLABORACIÓN ENTRE AMBAS AS ENTIDADES NA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE LIMPEZA NOS CENTROS PÚBLICOS INTEGRADOS

- ***A Consellería transferiu á Federación Galega de Municipios e Provincia a contía destes servizos, que corresponde aboar á Xunta e están a prestar os concellos***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria achegou no 2012 un total de 682.500 euros á Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), para aboar os servizos prestados polos concellos integrantes dela para a limpeza dos centros públicos integrados (CPI). O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe a esta colaboración, coa cal se avanza na eficiencia e eficacia na prestación dos servizos á cidadanía por parte das administracións públicas.

A transferencia realizouse no marco do acordo marco asinado pola Consellería e a Fegamp para o desenvolvemento do pacto local en materia de educación, segundo o cal o departamento educativo da Xunta de Galicia asumiu os gastos derivados do servizo de limpeza destes centros de ensino, cando eles se viñesen prestando mediante a súa contratación cunha empresa de servizos, logo da adhesión do respectivo concello ao citado acordo marco.

A colaboración entre ambas as entidades evita as duplicidades na prestación deste servizo por parte da Administración autonómica e dos entes locais, favorecendo ao tempo o uso responsable dos recursos públicos.

A XUNTA DE GALICIA APOIA O LABOR DE ATENCIÓN SOCIAL DESENVOLVIDA POLOS HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES

- ***O Consello da Xunta aprobou a sinatura dun convenio de colaboración entre as consellerías de Cultura e Educación, Traballo e Benestar e Facenda coa entidade para favorecer o desenvolvemento das accións desenvolvidas tanto na comarca de Palas de Rei como en Vigo***
- ***Este acordo ratifica o compromiso social deste Goberno cos máis necesitados, xa que a totalidade do investimento irá destinado integramente a garantir o importante labor social que desenvolve esta entidade caritativa***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Traballo e Benestar, a Consellería de Facenda e a entidade Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres, para apoiar o labor de atención social desenvolvida pola dita entidade tanto no comarca de Palas de Rei como da área de Vigo. No dito convenio comprométese tanto a futura adquisición do Castelo de Pambre como a atención de persoas en situación de extrema precariedade económica.

A Xunta vai adquirir o Castelo do Pambre por ser un monumento militar único en Galicia, unha fortaleza do século XIV na cal está previsto realizar diferentes obras de restauración e posta en valor. Deste xeito, a través da compra e rehabilitación deste ben conseguirase dinamizar turisticamente o Concello de Palas de Rei e ofrecer aos peregrinos do Camiño de Santiago a posibilidade de coñecer a historia desta importante fortaleza medieval. Ademais, un dos motivos principais desta operación é que a totalidade dos fondos desta compra irán destinados a apoiar o traballo de atención ás persoas desfavorecidas levado a cabo polos Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres na cidade de Vigo.

Os Hermanos Misioneros son propietarios do conxunto arquitectónico do Castelo do Pambre tras telo recibido en herdanza por parte de Manuel Taboada Fernández. Os responsables desta institución caritativa fixeron unha oferta de venda á Xunta de Galicia que, tras estudar detidamente a operación, decidiu destinar á compra deste ben histórico e os predios limítrofes 3.134.068 euros, coa condición de que todos estes fondos se invistan na atención de persoas en situación de extrema precariedade económica.

Financiamento da actividade social

Tras o explicado anteriormente, a oferta realizada polos Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres debe ser atendida mediante a colaboración das distintas consellerías da Comunidade Autónoma implicadas en función da natureza das actuacións a realizar.

En primeiro lugar, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria achegará 3.134.068 euros para o financiamento da adquisición do Castelo, cifra que os técnicos da Administración estimaron como valor do inmovible e as propiedades lindeiras. Deste xeito, desde os exercicios de 2013 ata 2016 Cultura e Educación achegará anualmente 208.937 euros. No caso de exercerse o dereito de opción de compra, dende o ano 2016 ata o 2026, ambos incluídos, continuarase aboando anualmente a mesma cantidade.

O valor da opción de compra fíxase en 835.751 euros. A Comunidade Autónoma de Galicia poderá exercer o dereito de opción de compra dentro do prazo de catro anos, contados a partir da data de formalización en escritura pública da opción, que se efectuará unha vez asinado o convenio.

Por outra banda, a Consellería de Traballo e Benestar achegará a cantidade de 2.000.000 euros aos Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres para que continúen desenvolvendo a súa actividade de atención social. Deste xeito, neste ano 2012 financiaranse obras de reforma das infraestruturas necesarias para mellorar a atención prestada aos residentes, para o cal se achegarán 133.333 euros. A continuación, desde o ano 2013 e ata o ano 2026, ambos incluídos, destinaranse 133.333 euros para financiar parte dos gastos da actividades de atención ás persoas desfavorecidas que habitualmente desenvolve esta entidade.

Así, os Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres procederán, tal e como levan realizando nas últimas décadas, a desenvolver as actuacións necesarias para prestar a atención de persoas en situación de extrema precariedade económica. O labor desta organización incluírá os servizos de albergue, pernoita, almorzo, hixiénico-sanitarios e as actividades educativas que a entidade realiza no seu centro, traballos encamiñadas á inserción sociolaboral das persoas acollidas. Así mesmo, deberán presentar certificación do cumprimento das actividades obxecto do convenio e a memoria explicativa das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

Por último, a Consellería de Facenda realizará todas aquelas actuacións necesarias para a formalización da adquisición patrimonial por parte do Goberno autonómico. Deste xeito, a Xunta comprométese a adquirir un dereito de opción de compra da Torre de Pambre, onde se encontran as ruínas do antigo castelo, e os alpendres que están dentro do recinto amurallado, e que en total ocupan unha superficie de 60.313 m²; o predio denominado Quelle de Abaixo, de 57.596 m²; o predio denominado Ponte, onde está a carballeira e os prados, e que ocupa unha superficie de 4.961 m²; e o predio denominado Pambre, dunha superficie de 37.164 m²; así como os dereitos de concesión hidroeléctrica outorgada o 9 de xaneiro de 1956.

SANIDADE PRORROGA PARA O VINDEIRO ANO OS CONCERTOS SUBSCRITOS CON DIVERSOS CENTROS SANITARIOS PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE ASISTENCIA SANITARIA

O Consello da Xunta vén de aprobar os proxectos de acordo polos que se autorizan as prórrogas para 2013 dos concertos establecidos entre o Servizo Galego de Saúde e diversos centros sanitarios, para a prestación de servizos de asistencia sanitaria.

Os centros obxecto destes acordos son o Instituto Policlínico Santa Teresa, por un importe de 5,7 millóns; o Instituto Médico Cirúrxico San Rafael, por 6,7 millóns; a Fundación Congregación do Santo Hospital de Caridad (Hospital Juan Cardona), por 6,5 millóns; o Hospital Miguel Domínguez, por 4,7; o centro de Xestión Sanitaria Galega, por 4 millóns; o Sanatorio Cirúrxico Modelo, por 1,7; a Fundación Pública Instituto Galego de Oftalmoloxía, por 1,1; a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica, por 1,3; e a Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia, por 16,6 millóns.

Tamén se autoriza a prórroga do proxecto de acordo, por razón de interese público, para a continuidade de prestación dos servizos obxecto do concerto singular de 29 de decembro de 2000 establecido entre o Sergas e o Hospital Povisa, dende o 1 de xaneiro de 2013 ata a formalización do novo concerto, por un importe de 74,2 millóns. Así mesmo, autorízase o proxecto de acordo entre o Sergas e Povisa en relación á inclusión dos programas especiais farmacoterapéuticos, por un importe de 1,6 millóns.

Xunto co anteriormente sinalado, o Consello aprobou o proxecto de acordo polo que se autoriza a prórroga para o vindeiro ano dos concertos de transporte sanitario non urxente e secundario urxente dos hospitais dependentes do Sergas, por un importe de 16,6 millóns de euros.

O SERGAS INTEGRA NUN ÚNICO CONTRATO A XESTIÓN DA SUBMINISTRACIÓN ENERXÉTICA E O MANTEMENTO DOS HOSPITAIS DE BURELA, RIBEIRA, CALDE, VERÍN E MONFORTE CO FIN DE GARANTIR UN AFORRO ECONÓMICO GLOBAL MEDIO DO 40%

- *Como consecuencia desta iniciativa, afrontaranse as actuacións de mellora e renovación das instalacións que sexan necesarias para poder usar a biomasa como fonte primaria de enerxía*
- *A duración do contrato é de 10 anos*
- *Evitarase a emisión á atmósfera de CO₂ equivalente a unhas 30.000 toneladas*

O Consello da Xunta reunido no día de hoxe aprobou o expediente para a contratación da subministración enerxética prestacional e do servizo de mantemento de instalacións e equipamentos enerxéticos térmicos e locais asociados dos hospitais do Servizo Galego de Saúde en Burela, Barbanza (Ribeira), Calde (Lugo), Verín e Monforte, por un importe total de 6,8 millóns de euros.

Con esta medida intégrase nun único contrato a xestión da subministración e o servizo de mantemento, de xeito que se poidan afrontar as actuacións de mellora e renovación das instalacións que sexan necesarias para poder usar a biomasa como fonte primaria de enerxía, e para garantir un aforro económico global medio superior ao 40%.

A duración do contrato é de 10 anos, e o consumo de biomasa estímase en máis de 21.000 toneladas, evitando a emisión á atmósfera de CO₂ equivalente a unhas 30.000 toneladas.

Esta licitación formar parte do Plan Ecospital de fomento do uso de biomasa para fins térmicos nos hospitais do Servizo Galego de Saúde.

Pásase, pois, dun modelo tradicional de subministración de combustibles de orixe fósil, derivados do petróleo, a un modelo prestacional con requirimentos de calidade térmica ambiental usando combustible renovable.

Esta iniciativa da Xunta de Galicia é consecuencia do acordo marco de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Sergas e o Instituto Enerxético de Galicia, para a coordinación de actuación en materia de aforro e eficiencia enerxética e de implantación e desenvolvemento de enerxías renovables. Mediante o dito acordo o Inega achegará ata o 22% do investimento elixible de cada unha das instalacións dos sistemas de xeración térmica a partir de biomasa que se van executar nestes centros hospitalarios, ata unha contía total máxima de 400.000 euros.

Os seguintes pasos logo do Consello de hoxe serán a publicación da licitación, a valoración das ofertas e a posterior adxudicación e formalización do contrato.

PRETO DE 14.000 PERSOAS DESEMPREGADAS BENEFICIARANSE EN 2013 DE CURSOS DE FORMACIÓN NOS CALES SE INVESTIRÁN MÁIS DE 40 MILLÓNS DE EUROS

- ***O Consello da Xunta autorizou unha das liñas de financiamento, por valor de 36,3 millóns de euros, para a programación formativa do próximo ano***
- ***O departamento autonómico financiará con esta cantidade un total de 800 cursos o ano próximo, que serán preto do cen por cento de formación certificable***
- ***Esta oferta súmase á programada en centros propios onde se desenvolverán 126 cursos, destinados a 1.900 persoas en situación de desemprego, e nos cales se investirán 4,1 millóns de euros***
- ***O Goberno galego segue a apostar nesta lexislatura polas políticas activas de emprego no eido da formación***
- ***A Consellería de Traballo e Benestar reforzará a formación certificable dirixida á obtención de novos certificados de profesionalidade***

Preto de 14.000 persoas desempregadas beneficiaranse en 2013 dos cursos de formación da Consellería de Traballo e Benestar nos cales se investirán 40,4 millóns de euros.

Por unha banda, 12.000 persoas desempregadas poderán beneficiarse de 800 accións formativas o vindeiro ano, en cuxa programación a Consellería de Traballo e Benestar investirá máis de 36,3 millóns de euros. O Consello da Xunta autorizou hoxe a orde reguladora das bases desta actuación dirixida a financiar accións formativas que se desenvolven a través de diferentes entidades e axentes sociais.

Estes 36,3 millóns de euros destinados á formación súmanse aos 4,1 millóns aprobados este mes tamén no Consello da Xunta para o desenvolvemento dun total de 126 cursos de formación, dirixidos tamén para desempregados. Estes 4,1 millóns de euros, que beneficiarán preto de 1.900 traballadores, diríxense á programación de cursos en centros de formación propios.

O Goberno galego segue a reforzar as súas políticas activas de emprego no eido da formación e, por iso, financiará de cara a 2013 máis de 900 cursos dirixidos a persoas desempregadas. Ademais, preto do cen por cento das accións formativas de 2013 estarán dirixidas á obtención dos certificados de profesionalidade. Polo tanto, todos eles serán formación acreditable, o que permitirá aos alumnos dispoñer dun certificado con carácter oficial e validez estatal, que, ao mesmo tempo, terá efectos académicos no eido do sistema educativo e profesionais recoñecidos na lexislación vixente.

Cabe lembrar que os cursos de formación para o emprego constitúen un dos elementos máis salientables das políticas activas de emprego por tratarse dunha medida de mellora da empregabilidade das persoas en paro que se recolle na Estratexia europea de emprego e no Plan nacional de acción para o emprego.

Así mesmo, o Plan galego de formación profesional establece que este tipo de formación é unha vía fundamental para conseguir un incremento da competencia, da empregabilidade e das posibilidades de inserción laboral dos traballadores desocupados.

Máximos niveis de calidade e excelencia

Así, a través da orde do próximo ano, a Xunta volverá facer unha importante aposta por unha formación para o emprego cos máximos niveis de calidade e excelencia, precisos neste contexto de crise económica e laboral. Traballo e Benestar busca deste xeito ofertar unha formación axustada ás necesidades do mercado laboral e ás esixencias de competitividade das empresas.

Tamén pretende cubrir as aspiracións dos traballadores en materia de promoción profesional e desenvolvemento persoal, co fin de capacitalos para o desempeño cualificado das diferentes ocupacións e o acceso ao emprego.

Normalizados, actualizados e adaptados ao mercado laboral

Os novos programas de formación que integrarán a oferta de 2013 da Dirección Xeral de Emprego e Formación están normalizados, actualizados e adaptados ás esixencias do mercado de traballo, ao igual que os de anos anteriores.

Así mesmo, estes programas teñen un referente común de competencias en materia educativa e laboral porque foron elaborados en función das cualificacións profesionais existentes.

MEDIO RURAL E MAR DESTINARÁ MÁIS DE 7,5 MILLÓNS DE EUROS EN 2013 PARA PROGRAMAS DE SANIDADE E PRODUCCIÓN ANIMAL EN GALICIA

- ***O Consello da Xunta autorizou esta encomenda de xestión co obxectivo de establecer garantías sanitarias e a rastrexabilidade das producións gandeiras***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o acordo da Consellería do Medio Rural e do Mar polo que se autoriza a encomenda de xestión dos traballos dos programas de sanidade e produción animal en Galicia durante o ano 2013, por un importe total de 7.537.474,75 euros.

O departamento que dirixe Rosa Quintana ten, entre os seus obxectivos, a execución e seguimento dos programas de prevención, loita, erradicación, seguimento e control de determinadas enfermidades animais. Neste senso, a Consellería do Medio Rural e do Mar leva a cabo medidas para o establecemento de garantías sanitarias, a rastrexabilidade das producións gandeiras e o desenvolvemento das accións necesarias para a ordenación, fomento e control da produción e sanidade gandeira.

Dentro destas medidas atópanse aquelas enfermidades que son obxecto de programas oficiais de erradicación establecido pola normativa estatal e comunitaria. As máis sinaladas son a tuberculose e a brucelose, nas cales Galicia ven facendo moitos esforzos para a súa erradicación, atopándonos na actualidade preto da súa eliminación.

Medidas

Para poder minimizar o risco de contaxio e establecer o control de diferentes enfermidades, é preciso adoptar unha serie de medidas tales como a supervisión, control e realización da limpeza e desinfección de explotacións gandeiras, estruturas anexas e lugares de concentración de animais, que puideran supor un risco para a transmisión e mantemento destas enfermidades. Neste sentido, os vehículos de transporte de animais tamén son un foco para ter en conta, polo que é preciso tamén levar a cabo as correspondentes medidas.

Ademais, na actualidade diversos estudos -así como as indicacións dadas polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente a través dos seus plans nacionais de vixilancia, control e erradicación- fan necesario realizar un seguimento epidemiolóxico e diagnósticos destas enfermidades na fauna silvestre, o cal pode actuar como potencial reservorio delas.

A XUNTA REFORZARÁ A FORMACIÓN PARA OS EMPREGADOS PÚBLICOS CUN INCREMENTO DUN 70 POR CENTO DA OFERTA DE PRAZAS

- ***As distintas accións contribuirán ao aumento da calidade dos servizos públicos, incrementando a capacitación profesional dos seus empregados***

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao Plan de formación para o persoal da Administración autonómica 2013, elaborado pola Escola Galega de Administración Pública (Egap), e que este ano reforzará a formación para os empregados públicos cun incremento de preto do 70 por cento na oferta de prazas.

Así, o programa formativo do próximo ano está composto por 392 actividades, tanto específicas como transversais, que suporán un total de 15.282 prazas, fronte ás 9.132 actuais. Ademais, foi elaborado seguindo as liñas estratéxicas da Escola, centrándose na aposta pola formación en liña, na necesidade de incorporar contidos prácticos e na importancia de certas áreas básicas, como son as referidas a tecnoloxías da información e da comunicación, lingua galega e linguas estranxeiras.

As distintas accións contidas no plan contribuirán ao aumento da calidade dos servizos públicos que se prestan á cidadanía e incrementarán a capacitación profesional dos empregados das distintas administracións públicas galegas, promovendo o seu desenvolvemento persoal e facilitando a súa mobilidade e promoción profesional.

Como xa fixera en anos anteriores, a Egap aposta de novo pola formación en tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) consonte a Axenda dixital de Galicia 2014.gal, dentro da cal se encadra a certificación galega de competencias dixitais en ofimática. Por este motivo, en 2013 levaranse a cabo, en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), tanto cursos coma probas libres específicas para obter a dita certificación, que sumarán un total de 6.000 prazas. Así mesmo, para o ano 2013 a Escola aumenta a súa oferta en materias TIC con respecto ao 2012, ofrecendo un total de 158 edicións e 7.090 prazas.

No ano 2013, a Egap consolida os cursos de linguaxe administrativa galega para o persoal da Administración autonómica ao ofrecer un total de 33 edicións e 990 prazas, en cursos presenciais e de teleformación. Na modalidade presencial haberá clases de inglés e na de teleformación de inglés, portugués e francés. En total, estas actividades suman 34 edicións, 1.140 prazas e 2.700 horas.

Ao igual que no ano anterior, para facilitar a continuación nestas ensinanzas, a Escola dálles prioridade para cursar o nivel inmediatamente superior dunha lingua concreta ás persoas que superaron con aproveitamento o mesmo curso durante o 2012.

Por último, como principal novidade, para o vindeiro ano a Escola iniciará unha liña baseada na autoformación, a cal lle permitirá ao alumnado aprender de xeito autónomo. En consecuencia, a Egap ofrecerá diferentes cursos que serán adaptados para permitir unha autoaprendizaxe. En total, durante o 2013, as actividades de autoformación sumarán un total de 20 edicións e 1.000 prazas.